

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 23 DE FEBREIRO DE 2017

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e tres de febreiro de dous mil dezasete, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa-presidenta D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):

D. Francisco Javier Santos Maseda (voceiro)
D.^a María Begoña Calviño Dorado
D. José Ramón Lorenzo Carou
D.^a Patricia María Vázquez Figueroa

Grupo municipal SON de Bergondo-Anova

D. Juan Antonio Fariña Pedreira (voceiro)
D. Eloy Babío Veiga

Grupo municipal de Veciños de Bergondo (VB)

D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo (voceira)
D.^a Alicia María Souto Ramos

Grupo municipal do Partido Popular (PP)

D.^a Noelia Fernández Ventureira (voceira) (incorpórase no punto 4., antes da votación, ás 20:45h)
D. José Angel Vieiro Amor

Concelleira non adscrita:

D.^a Antonia María Sanjurjo Seijas

Non asiste:

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (VB)

Foron asistidos pola interventora municipal, D.^a Laura Gutiérrez Ortiz, e pola secretaria xeral, D^a Ana M.^a Cacharrón Castelos.

ORDE DO DÍA:

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 26 DE XANEIRO DE 2017.
2. DAR CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MOROSIDADE -4º TRIMESTRE 2016-
3. DAR CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI ORGÁNICA 2/2012, RESULTADO DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2016.

4. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS). POS+2017. ACORDOS QUE PROCEDAN.

5. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI, DEPORTIVAS, EDUCATIVAS E DE SERVIZOS SOCIAIS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdG-PSOE RELATIVA Á DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS DA XUNTA DE GALICIA AOS CONCELLOS CON CRITERIOS OBXECTIVOS E TRANSPARENTES. ACORDOS QUE PROCEDAN.

7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº13 DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DA AUGA POTABLE, ACOMETIDA Á REDE XERAL DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO E PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS A FAVOR DAQUELAS PERSOAS CON MENOS RECURSOS. ACORDOS QUE PROCEDAN.

8. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA

9. ASUNTOS URXENTES

10. ROGOS E PREGUNTAS.

1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DO 26 DE XANEIRO DE 2017.

Os/as integrantes da Corporación recibiron o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 26 de xaneiro, a través de documento remitido por correo electrónico. De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. alcaldesa preguntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular á dita acta.

Non formulándose observacións, posta a aprobación a acta da sesión do día vinte e seis (26) de xaneiro de 2017, por unanimidade de votos a favor (once), apróbase a referida acta.

2. DAR CONTA DO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI DE MOROSIDADE -4º TRIMESTRE 2016-

Dáse conta aos/ás asistentes do informe sinalado neste punto da Orde do día, e que foi remitido aos Sres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.

3. DAR CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI ORGÁNICA 2/2012, RESULTADO DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2016.

Dáse conta aos/ás asistentes do informe sinalado neste punto da Orde do día, e que foi remitido aos Sres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.

4. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS). POS+2017. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 20 de febreiro de 2017, que transcrita literalmente di:

"Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único concellos). POS+ 2017. Acordos que procedan.

Vista a Circular da Deputación Provincial da Coruña relativa á comunicación da aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2017 do 01.12.2016, e as bases do devandito Plan Único publicadas no BOP núm. 226 do 29.11.2016.

Visto que na devandita Circular comunícase a asignación do POS+ 2017 ao Concello de Bergondo por un importe total de 588.344,88 euros.

Proponse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa, a adopción da seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO. Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2017", "achega provincial 2016" e "préstamo provincial 2017":

A) Financiamento do pago a provedores:

	Deputación
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0
Subtotal pago a provedores	0

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes	258.394,71 €
Subtotal gasto corrente	258.394,71 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2016 (Inversiones financieramente sostenibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento
Denominación da obra ou subministración			
Mellora de camiños con aglomerado asfáltico nas parroquias de Bergondo, Babío, Ouces e Moruxo	159.012,13 €	234.357,44 €	393.369,57 €
Subtotal investimentos achega provincial 2016	159.012,13 €	234.357,44 €	393.369,57 €

Aprobar o proxecto da obra incluída no POS+ 2017 e que se relaciona nesta táboa.

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2016	0	0	0
	Achega 2017	0	0	0
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2017	258.394,71 €	6.605,29 €	265.000,00 €
C- INVERSIONES	Achega 2017	0	0	0
	Achega 2016	159.012,13 €	234.357,44 €	393.369,57 €
	Préstamo 2017	0	0	0
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2017	0	0	0
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2017	0	0	0
	Achega 2016	0	0	0
F- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2017	0	0	0
TOTAL	Achega 2017			
	Achega 2016			
	Préstamo 2017	0	0	0
	TOTAL	417.406,84 €	240.962,73 €	658.369,57 €

SEGUNDO. Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financieramente sostenibles que a continuación se indican e aprobar o correspondente proxecto:

Denominación dos investimentos financieramente sostenibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Mellora do viario con aglomerado asfáltico no Polígono Industrial de Bergondo	135.392,03 euros
Totais	135.392,03 euros

TERCEIRO. Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e está en trámite de resolver o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

CUARTO.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2017.

QUINTO. Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

SEXTO. Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SÉTIMO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

OITAVO. Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Bergondo, 15 de febreiro de 2017. alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez"

A continuación toma a palabra a Sra. alcaldesa: explicamos o outro día na Comisión informativa o porqué da achega para financiar con gasto corrente nesta cantidade, en douscentos cincuenta e oito mil, e a proposta de inversión tamén en trescentos noventa e tres mil euros xustificando pois en qué non era o POS as bases tradicionais, as bases ás que estabamos afeitos ata o día de hoxe, senón que cambia bastante a filosofía do Plan, é un Plan dinámico, un Plan diferente, onde se da moita mais liberdade aos concellos; polo tanto no seu día cando xa fixemos a proposta de Orzamento, xa tiñamos en conta esta posibilidade, que as inversións se fixeran con cargo a investimento propio, con recursos propios.

Polo tanto, o que xustificaremos será con gasto corrente a unha boa parte, que sería a correspondente ao POS, ao POS tradicional, e a parte que ven da achega do 2016 e que ten que ser, entre outras cousas, con obras financeiramente sostibles, xa non pode ser con gastos ou tampouco con outro tipo de obras ou investimentos, pois aí é onde se propón unha obra de asfaltado de quince camiños en aglomerado, que supoñen aproximadamente cerca de oito quilómetros, e especificar que son camiños que ao día de hoxe algúns teñen algunha dificultade seria, sufriron obras importantes durante todo este tempo, refírome sobre todo aos que están na zona de Moruxo e aos que están na zona de Ouces, en Cangas, Silvoso, na Lagoa e demais, e polo tanto o criterio de que a maior parte dos camiños que sexan estruturantes e que contén xa ao día de hoxe con todos os servizos, pois que sexan en aglomerado, iso significa que como se está facendo ultimamente unha campaña informando á xente de que ten que facer a solicitude da acometida de saneamento, de feito están a chegarnos moitas solicitudes para facelo, vainos levar un tempo porqué ten que vir a autorización da Deputación para poder facer o inicio da contratación igual que temos que ter as autorizacións doutros Organismos sectoriais.

Polo tanto durante este tempo que aínda non podemos iniciar a contratación, e aínda iniciándoa pois é cando convén e así temos informado tanto aos veciños e a empresa concesionaria de auga e saneamento, pois que se fagan todas esas acometidas para que unha vez que o camiño estea asfaltado non haxa que estar levantando de novo.

Propoñemos como Plan Complementario un asfaltado no Polígono, que explicaba o outro día que este ano este Plan que é dinámico e que vai a ter durante o exercicio..., a previsión é que teña mais fondos, que se lle incorporen mais fondos, pois que se poida executar algún Plan complementario, e se vemos que non é este pois probablemente fagamos algún cambio, e o digo porqué xusto esta semana saíu a subvención de parques empresariais, co cal teremos que ver que se axusta mais a cada unha das axudas e probablemente sexa mais interesante poder facer un cambio no Plan complementario para cando saia esa bolsa, eses remanentes da Deputación, acometer algún outro tipo de obra que loxicamente terá que vir ao Pleno para así mandar esa modificación, se é que ao final se fai.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: o comentabamos o outro día na Comisión informativa, que o que sempre lle botaba en cara era que se destinaran estes recursos a gasto corrente, unha vez vostede explicou a razón do porqué destinalo a gasto corrente, pois quedoume mais ou menos claro, pero o que si boto en falta, eu non digo que estes quince camiños non estean ben, porqué seguro que son camiños que todos demandamos nalgún momento, pero boto en falta como sempre o diálogo e que ao mellor antes de facer os proxectos referentes a estas obras, tivese en conta tamén á oposición.

Sra. alcaldesa: pois invítoos, aínda estamos estudando un plan para asfaltar camiños en regas, son camiños que non son estruturantes ou camiños que non teñen o servizo como teñen estes, e llos pasaremos previamente para que fagan algunha achega se así o consideran.

Sra. concelleira non adscrita: grazas.

Sr. concelleiro do PP: nós cremos que é necesario, estamos de acordo.

Sra. voceira de Veciños de Bergondo: o outro día na Comisión Informativa tamén nós explicaba vostede que con este Plan que saca a Deputación desaparecen outro tipo de subvencións; desaparece Cultura e Deportes, desaparece Turismo, desaparece Servizos Sociais, tanto actividade como inversión, que vai facer o concello? vai a asumir entón ese tipo de subvencións que as entidades solicitaban tamén e que o propio concello as pedía á Deputación, as que pedía o concello á Deputación que vai facer?

Sra. alcaldesa: está vostede mesturando unha cuestión coa a outra.

Sra. voceira: non, refírome ás do concello.

Sra. alcaldesa: claro, as das entidades non teñen nada que ver

Sra. voceira: claro, esas seguen existindo..

Sra. alcaldesa: de feito a Deputación as subvencións a entidades as segue mantende, as que desaparecen son as subvencións aos concellos para esas que vostede comentou; porque? porqué esas cantidades se engloban na cantidade do POS, de feito eu lles comentaba o outro día, que a cantidade que se lles asinaría tradicionalmente ao Concello de Bergondo pola parte correspondente ao POS serían cento noventa e mil euros, que era o que tradicionalmente se viña dando, e este ano son douscentos cincuenta e oito mil, porque?, porqué esta englobado todo isto; isto dá unha maior autonomía de tal forma que os concellos decidan de por si en que queren investir e en que queren gastar, vale?.

Xa digo, é un cambio de concepto, nós no propio Orzamento tivemos en conta investimentos deportivos financiados con recursos propios, investimentos culturais que outras veces ían financiados con recursos alleos e esta vez van ir financiados con recursos propios, e o mesmo pasa coa actividade tanto cultural, deportiva, de promoción turística e demais; todo iso vaise financiar con recursos propios na parte de investimento, claro...; o que pasa que é un cambio onde as cantidades viñan definidas especificamente para iso, iso ocasionaba tamén unha tramitación de expedientes laboriosa, de todos estes expedientes por cada un dos concellos da provincia, pois imaxínese; de feito así era, que moitas veces se nos comunicaba xa cun certo retraso, para poder despois executalo. Desta forma o que sabemos é os cartos dos que vai dispoñer o concello a primeiros de ano, xa non temos que esperar ao mes de agosto para saber exactamente canto nos dan para poñer uns paneis informativos, non, nós somos libres de decidir en que imos investir o global que nos dá a Deputación, e podemos dicilo, ben investilo en turismo ou este ano en turismo non, por poñer un exemplo, ou investilo mais en deporte e para o ano en deporte non e investilo mais en turismo, é dicir, o que nos dan é a bolsa de cartos en conxunto, e nos dá a liberdade aos concellos para decidir en que se inviste e en que se gasta.

Non desaparecen todas as liñas de subvencións, mantense limpeza de praias, mantense unha subvención para animadores culturais, é dicir, algunhas si se manteñen, porqué algunhas son moi específicas e non as teñen todos os concellos, pero estas, estas liñas de subvencións que vostede comentou, que as teñen ás que concorren todos os concellos da provincia, pois si que son as que se eliminaron, non van saír, non as van convocar.

Sra. voceira: entón o concello vai soportar con fondos propios o que teña en estas materias...

Sra. alcaldesa: claro, porqué ao final é cambiar digamos, dun lado para outro e entón estamos financiando con recursos propios, pero porque? pero é que nos están dando esa bolsa en global, o sexa, ven sendo o mesmo pero tendo mais liberdade á hora de escoller en qué se gasta ese global que se nos dá, incluso obrigando a outros concellos, non é o noso caso, a facer pago a provedores no caso de que teñan débedas con provedores recorrentes, se lles obriga tamén a que primeiro saneen as súas contas; non é o noso caso e aí ven que nós nese apartado vai cero, pero que podería tamén darse o caso.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: xa se apuntaron varios criterios á hora de explicar a elección destes camiños, por unha parte a idea de atender aquelas zonas que nestes últimos anos soportaron un maior castigo, entre comiñas, en obras e que hai que repoñer dalgunha maneira, referímonos claramente a unha parte de Moruxo e a Ouces, Cangas principalmente e a Fragachá. Respecto a este tema, a Fragachá,

-Neste intre entra no Salón de Sesións a concelleira do Partido Popular, Noelia Fernández Ventureira, sendo as 20:45 horas, incorporándose á sesión.-

Continúa o Sr. voceiro: respecto a este tema da Fragachá que estou comentado agora, aquí neste proxecto non ven incluído a Fragachá nin parte dos camiños que derivan na Fragachá, porque se está facendo un proxecto, chamaremos especial, no sentido de que se quere, aparte de aglomerar, dar algún tratamento ao entorno desa praza que vai un pouquiño mais alá do simple aglomerado, protexer un pouco o cruceiro, darlle un aire diferente a aquilo; pero tamén se traerá no seu momento a Pleno.

Despois apuntábase o tema das regas, o criterio, a condición principal será que os camiños vaian en aglomerado, pero xa se apuntou que os camiños que non sexan estruturantes ou o principal condicionante, poñamos o exemplo da parroquia de Lubre, mentres non poidamos conectar a parroquia ao saneamento pois non parece aconsellable que metamos os camiños en aglomerado, camiños que teremos que romper se queremos facer despois acometidas e demais. Iso vale tamén para outros camiños que poidan estar nas mesmas condicións, é dicir, criterio xeral, a maioría en aglomerado, criterios particulares, regas onde non haxa aínda todos os servizos ou en camiños que non sexan estruturantes ou onde non haxa casas, por exemplo.

Nada mais que apuntar.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: dous (2) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; concelleira non adscrita: un (1) voto a favor. **Total doce (12) votos a favor.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

5. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, DEPORTIVAS, EDUCATIVAS E DE SERVIZOS SOCIAIS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

Dáse conta da proposta de Alcaldía ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 20 de febreiro de 2017, que transcrita literalmente di:

"Unha vez que foi vista a necesidade de modificar a presente Ordenanza, coas propostas recollidas desde as Concellerías de Ensino, Cultura e Deportes e de Benestar Social, nos termos que establece nos seus artigos 15 e seguintes o Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e tras ve-lo informe da interventora municipal e en consonancia coa documentación que integra o expediente, propónse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar provisionalmente a **modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de actividades culturais, deportivas, educativas e de servizos sociais**, cuxo texto modificado queda como segue:

“ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI, DEPORTIVAS, EDUCATIVAS E DE SERVIZOS SOCIAIS

Artigo primeiro.- Fundamento e natureza

Ao abeiro do previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ambos Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), este concello establece o prezo público por actividades culturais, educativas, deportivas e de servizos sociais municipais, que se rexerá polo que dispón esta ordenanza.

Artigo segundo.- Concepto

Poderán ser usuarios de tales actividades culturais, educativas, deportivas ou de servizos sociais as persoas físicas que soliciten do servizo a súa participación nestas. Sendo destinatarios das actividades sociais os maiores de 55 anos.

Artigo terceiro.- Obrigados ao pagamento

Son suxeitos obrigados ó pagamento as persoas físicas, que tendo solicitado a súa participación nas actividades organizadas obxecto da presente ordenanza, sexan admitidas polo servizo correspondente.

Artigo cuarto.- Contía

1) O importe do prezo público será fixado nas tarifas seguintes referidas a importe por usuario:

Actividades culturais

ACTIVIDADES	NOME DAS ACTIVIDADES	PREZO PÚBLICO
Actividades manuais	Manualidades, encaixe de bolillos, labores, pintura, arte floral, corte e confección e outras análogas	1,80 €/hora
Actividades musicais	Introducción ás actividades musicais, solfexo, guitarra, guitarra, música tradicional e outras análogas	1,80 €/hora
Actividades artesanais	Cestería, cerámica, tapicería, restauración e outras análogas	1,80 €/hora
Actividades formativas	Luditarde, a hora do conto, animación á lectura, idiomas, graffiti, ilustracións, comics, contacontos, cociña saudable e nutrición e outras análogas	1,80 €/hora
Visitas de carácter cultural, xeográfico ou etnográfico	Saídas culturais, excursións para o coñecemento de diferentes lugares de interese etnográfico, xeográfico e cultural	*Con comida incluída: 20,00 €/día * Sen comida incluída: 10,00 €/día
Campamentos	Campamentos urbáns, campamentos de nadal	6,00 €/día
	Campamento verán Quiroga	160,00 €
	Acampadas, outros campamentos de verán	15,00 €/día

Actividades deportivas

ACTIVIDADES	NOME DAS ACTIVIDADES	PREZO PÚBLICO
Bergondo en forma	Ximnasia de mantemento, fitness, aeróbic, step, pilates, musculación, personal training, ximnasia para maiores e outras análogas	1,40 €/hora
Promoción do deporte	Psicomotricidade, fútbol sala, tenis, introdución ós deportes de raqueta, baloncesto, judo, taekwondo, introdución aos deportes de combate, piragüismo,	2,00 €/hora

	actividades sobre patíns, patinaxe, defensa persoal, surf, paddle surf, acrosport-acroximnasia e outras análogas	
Exercitando corpo e mente	Ioga, ioga iyengar, taichi e outras análogas	1,90 €/hora
Danzando	Danza, baile, baile moderno, hip hop, bailes de salón, baile tradicional, ximnasia rítmica, zumba, capoeira, ritmos latinos e outras análogas	1,90 €/hora
Liga municipal fútbol sala	Liga e copa fútbol sala	325,00 €/tempada
Actividades acuáticas en piscina climatizada	Natación rapaces, natación adultos, natación terceira idade, natación terapéutica	*2,00 €/sesión inverno e verán * 3,00 €/sesión verán nenos

Actividades culturais-educativas

Programa de apertura de centros educativos públicos fóra do horario lectivo, entenderase que nun día hai dúas xornadas, xornada de mañá e xornada de tarde: 2,00 €/xornada, agás a xornada de mañá sen almorzo que terá unha tarifa de 1,50 € por xornada.

Actividades sociais

ACTIVIDADES	NOME DAS ACTIVIDADES	PREZO PÚBLICO
Obradoiros ou actividades socioeducativas e preventivas	Novas tecnoloxías, memoria, inglés, baile, teatro terapéutico e improvisación, prevención de danos músculo esqueléticos e outras análogas	1,00 €/hora
Saídas socioeducativas, roteiros saudables e xuntanzas	Saídas socioeducativas durante o curso	20,00 €/saída con comida incluída
	Saídas socioeducativas verán	20,00 €/saída con comida incluída
	Saídas socioeducativas fin de semana	150 €/persoa en habitación dobre 180 €/persoa en habitación individual
	Roteiros saudables	10,00 €/saída sen comida incluída
Encontro para os maiores de 60 anos no ano en curso		10,00 €/persoa sen reducións nin bonificacións

2) Reducións:

- a) As persoas que acrediten formar parte de familia numerosa: redución do 50 % do total da cota. Deberán presentar o título ou o libro de familiar numerosa.
- b) Persoas en risco de exclusión social, previo informe da área de Benestar Social: redución do 50% do total da cuota ou redución do 100 %, segundo se indique no informe.
- c) As persoas que acrediten debidamente figurar nos rexistros do paro, ou ben no caso de menores de idade cando ambos proxenitores ou titor do participante o acrediten, terán unha bonificación dun 50%. Para acreditar a dita situación, deberase entregar xunto coa solicitude copia do paro actualizada. Cando unha actividade teña unha duración maior a un trimestre, no pago de cada trimestre hai que acreditar dita situación do paro.
- d) Voluntarios do Concello de Bergondo (persoas inscritas no Programa de Voluntariado dos Servizos Sociais Municipais): redución do 50% do total da cuota, previo informe da Área de Benestar Social.

En caso de ter dereito a máis dun desconto só se aplicará un deles, non sendo acumulables.

O Concello de Bergondo resérvase o dereito de programar cursos ou actividades de carácter grauíto

Artigo quinto.- Obriga de pagamento

1. A obriga de pagamento do prezo público nace dende que se inicie a prestación da actividade. Se ben o Concello poderá esixir o depósito previo no momento da inscrición.
2. Se a actividade dura menos dun trimestre, o pagamento realizarase no modelo de autoliquidación correspondente, co ingreso na conta do concello e pagarase nunha sóa vez antes de comezar a actividade.
3. Nas actividades que teñen unha duración maior a un trimestre, os pagos realizaránse trimestralmente, o primeiro trimestre realizarase mediante autoliquidación, e os restantes trimestres, realizaránse mediante domiciliación bancaria, e cargarase o importe do prezo público correspondente nos últimos 15 días do mes anterior ó de inicio do trimestre. No caso de non optar pola domiciliación bancaria haberá que comunicalo ó Concello para o seu pago trimestral.
4. A baixa na actividade deberá ser solicitada polos interesados por escrito ante o rexistro municipal e causará efectos no trimestre seguinte. No caso das altas nas actividades fóra do prazo xeral establecido, poderase solicitar en calquera momento por escrito ante o rexistro municipal e causará efecto no momento en que se realice a comunicación por parte do Concello, neste caso, aboaráse o prezo público correspondente ó período completo da actividade.
5. No caso de que por causas non imputables ao interesado, deixara de realizarse a actividade solicitada, procederase á devolución do prezo público.
6. No caso de que por causas non imputables ao interesado non poida asistir á actividade solicitada, procederase á devolución do prezo público previa solicitude e documentación acreditativa que xustifique a imposibilidade de asistir (motivos laborais, de saúde...), non será suficiente unha declaración sen aportar xustificación.
- 7.

Artigo sexto.- Normas de xestión: Pagamento

Unha vez que exista un número mínimo de persoas preinscritis, que faga posible e viable a realización de calquera actividade obxecto da presente ordenanza, os interesados en participar, deberán aportar para a súa inscrición definitiva a documentación esixida xunto co documento acreditativo do pago do prezo público correspondente, a presentación en prazo da citada documentación suporá a inscrición na actividade. Se hai máis solicitudes que prazas realizarase un sorteo público, neste sorteo terán preferencia os solicitantes empadroados neste Concello.

Por motivos organizativos e sempre por causas xustificadas, o Concello de Bergondo resérvase o dereito a anular algunha actividade.

Artigo sétimo: Outras obrigas

Os solicitantes das actividades deberán estar o corrente do pago das débedas contraídas co Concello de Bergondo.

Nos supostos en que a actividade a desenvolver, previa autorización, non se atope tarifada na presente ordenanza ou resulte necesaria a modificación ou actualización das contías existentes, delégase na Xunta de Goberno Local, conforme o artigo 23.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril e o artigo 47 do TRLRFL, o establecemento da tarifa a proposta do servizo técnico, co previo informe da Intervención Municipal.

Artigo oitavo.- Infraccións e sancións

En todo o relativo ás infraccións tributarias e as súas distintas calificacións, así como nas sancións que ás mesmas correspondan, en cada caso, aplicaranse as normas establecidas nos artigos 183 e seguintes da Lei Xeral Tributaria

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello, e publicado o seu texto integramente no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da lei 7/1985, de 2 de abril.

A presente ordenanza modifica a aprobada e publicada no BOP número 158 do 22 de agosto de 2016."

2º.- Expoñer ó público o presente acordo mediante anuncios no taboleiro de edictos da corporación e no *Boletín Oficial da Provincia*, polo prazo de trinta días hábiles que contarán a partir do seguinte á publicación no *Boletín Oficial da Provincia*, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

3º.- As reclamacións presentadas serán resoltas polo Pleno da Corporación, e de non existir, entenderase definitivamente aprobado o acordo provisional, debéndose proceder en todo caso á publicación no *Boletín Oficial da Provincia* do acordo definitivo, e do texto íntegro da ordenanza, sen que entre en vigor ata que transcorra o prazo de quince días hábiles establecido no artigo 65.2 da LBRL, en aplicación do artigo 70.2 do mesmo texto legal.

Bergondo, 15 de febreiro de 2017. A Alcaldesa. Asdo.: Alejandra Pérez Máquez"

Toma a palabra a Sra. alcaldesa: facemos basicamente a modificación, como comentabamos o outro día, para adecuala ás necesidades e actividades actuais ou ben, non caso sobre todo de Cultura, onde se fai unha maior precisión das actividades e onde se ofrece a posibilidade de incluírse nunha actividade unha vez iniciado o curso, iso si, pagando loxicamente o trimestre completo, pero que era unha demanda que tiñamos ultimamente.

Despois, na parte dos Servizos Sociais, adaptando eses prezos ás... nalgún caso novas actividades que saen no Prego que esta agora mesmo en licitación, e adecuando non soamente as actividades senón incluso tamén os horarios, polo tanto xa digo, sen variar os prezos existentes, é unha adecuación do que xa existe e incorporando tamén, pois... exemplo, nas actividades de Servizos Sociais as saídas socioeducativas de fin de semana que non tiñan un prezoponse un, e igualmente se adecúan tamén os prezos dos roteiros saudables que antes estaban a quince e pasan a dez euros.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: eu o outro día facía mención a que non me parecía adecuado que nas saídas socioculturais de fin de semana houbera reducións en prezos, porque si que hai outras actividades que realmente non hai reducións; en concreto no Encontro para Maiores non hai ningún tipo de redución, non sei porqué nunha saída socioeducativa de fin de semana, non me parece nin imprescindible nin absolutamente necesaria; é a única parte que non comparto desta modificación da ordenanza .

Sra. voceira do PP: boas tardes, pedirilles desculpas porque por motivos de incompatibilidade de horario era imposible estar aquí ás oito e media.

En canto á modificación desta ordenanza, hai determinadas cousas con as que nós non estamos a favor; un punto que si que xa o falamos na Comisión, é o tema do Encontro de Maiores que están pagando actualmente dez euros, e consideramos que ese prezo debería ir segundo as condicións económicas e os recursos.

Por outra parte, eu o ano pasado fun a esa comida e descubrín que os concelleiros non pagamos absolutamente nada por acudir, e creo que sería bo que nós paguemos o mesmo que a xente que vai, porqué non somos nin *Vip's*, nin somos especiais.

Por outra parte, en canto ao tema dos descontos, dese cincuenta por cento que se aplicaría en determinados casos, pois os voluntarios teñen un cincuenta por cento de descontos, que é certo que fan unha labor no Concello de Bergondo que creo que é impecable, pero tamén é certo que normalmente a xente que realiza voluntariado non adoita recibir nada a cambio, que pode ser que en determinadas actividades é normal que o poidan ter, pero no caso de fins de semana, o hotel quedaría reducido a setenta e cinco euros, en cambio aquelas persoas que queiran participar noutro tipo de actividades, como poida ser a liga de fútbol sala, aínda que estean todas as persoas no paro terían que pagar os trescentos vinte e cinco que custa; eu considero que iso é un pouco ilóxico.

Ademais de que hai poucas novidades, é certo, como ben vostede dixo, nesta modificación, pero que non se aproveite para regular esas actividades que teñan ese desconto, pois iso non é bo; debería regular tanto iso como ter en conta os recursos económicos desas persoas para poder optar aos descontos.

Entendemos tamén que é certo que nalgunhas ocasións pódese xerar exclusión social, sobre todo en tema de nenos ou nenas, á hora de ir ou non ir a determinadas actividades, pero esa exclusión social ocorre o mesmo con persoas que son mais maiores, é dicir, por ir a bolillos, a pintura, a graffiti ou a baile, ou non ir, non se vai xerar exclusión social.

Unha persoa pode dicir que está inscrita ao paro, eu estou inscrita ao paro para acceder a determinadas axudas, como pode ser garantía xuvenil, e non por iso tes que estar nunha situación económica mala, por iso consideramos que o informe social debería necesitarse na maioría dos casos; polo tanto o noso voto vai ser a abstención.

Sra. alcaldesa: só unha cuestión, efectivamente non son vostedes especiais nin moito menos, nin tampouco o somos nós, no resto non entro a valorar; é unha cuestión de protocolo que efectivamente é unha tradición neste concello, non a fai a vostede tampouco mais especial o feito de que queira pagar.

Sra. voceira de VB: pois se me permite, eu tamén me vou a unir a esa petición do Partido Popular, paréceme absolutamente correcta e que unha motivación de protocolo non ten porque evitar que poidamos efectivamente modificar neste sentido, xa que vostedes propoñen modificar a Ordenanza neste caso porque, como dixo, teñen previsto quitar a licitación dun prego para que as empresas se adecúen a el e fagan as súas ofertas e saian seleccionadas para realizar as actividades que aquí se encontran, pois da mesma maneira que vostede, propón esta modificación, tamén se pode interesar este cambio, que todos os que asistamos a ese Encontro de Maiores colaboremos na mesma medida, nada mais. Desde logo o menú creo que é moito mais elevado a dez euros, e non creo que ninguén dos que estamos aquí lle supoña ningún problema aboalos; non creo que as razóns de protocolo poidan impedir ese cambio.

No resto, na Comisión informativa votouse abstención, neste caso vaise manter.

Sra. alcaldesa: a ordenanza non se modifica para que as empresas presenten as ofertas, ten vostede un lío tremendo, é que unha modificación o que regular é o prezo, señora concelleira...

Sra. voceira: xa o sei...

Sra. alcaldesa: o que estamos é adecuando a oferta que saíu no Prego, adecuando os prezos desas actividades, non modificamos a Ordenanza para que as empresas poidan presentar

Sra. voceira: non...

Sra. alcaldesa: unha oferta, xa digo, paréceme que vostede mestura unha cousa con outra; ou non me entendeu ou ao mellor non me expliquei. O que lle dixen foi que hai unha maior concreción nuns casos e que noutros hai que adecuar unha Ordenanza, porque? porque van saír actividades que non están previstas o pago, non ten nada que ver, as empresas van licitar igualmente e vostedes van vir á Mesa de contratación incluso cando a Ordenanza non teña aínda entrado en vigor; paréceme que é unha cuestión de tramitación que debería quedar bastante clara.

Sra. voceira: entón eu pregúntolle outra cousa, se non estivera en trámite a licitación e o prego de condicións, non estivera para saír a tramitación a contratación, vostede faría esta modificación da Ordenanza?

Sra. alcaldesa: nesos termos non, pero é o que lle estou dicindo; ao mellor é unha cuestión de linguaxe, pero que non se modifica a Ordenanza para que as empresas presenten as súas ofertas....

Sra. voceira: para que cando as presenten saiban a que cifras...

Sra. alcaldesa: non, non ten nada que ver, as empresas presentarán as súas ofertas adecuándose ao Prego que xa está en licitación, nada mais; os veciños cando se inscriban nesas actividades, terán que pagar cunha ordenanza que está en vigor, e se podería dar o caso de que se inscribira nunha actividade que non ten un prezo regulado.

Sra. voceira: pero non falamos só de prezos, vostede o outro día falou tamén que se está adecuando a realidade, hai actividades que xa non van, como os bailes das persoas maiores que dixo que non tiñan éxito, e polo tanto se eliminaban...

Sra. alcaldesa: si..

Sra. voceira: tamén mais tempo, dunha hora a hora e media..

Sra. alcaldesa: si, si

Sra. voceira: entón esas actividades as regula vostede na Ordenanza, independentemente do prezo as empresas que entren nesa contratación terán que adecuarse a esas actividades que haxa na Ordenanza...

Sra. alcaldesa: non, non, e que segue vostede..., as empresas non se adecúan á Ordenanza, son temas completamente diferentes, as empresas o que teñen é que cumprir co Prego que realmente saíu en licitación, e o Prego está en licitación ao día de hoxe, poden vostedes velo. De feito ata o sete de marzo teñen para presentar as ofertas, e teñen que cumprir o que pon no Prego, realmente o que se pon aí. Isto é exclusivamente unha cuestión entre veciños e concello; á empresa lle da igual o que nós vaiamos a cobrar por unha actividade ou por outra, non entra para nada, por iso que... xa digo, ten relación unha cuestión coa outra? ten a relación para nós, porque nós o que temos que adecuar unha realidade para que o día de mañá alguén que se inscriba teñamos unha base para poder

cobrarlle unha actividade, pro non ten nada que ver con que as empresas fagan as súas propostas, que se non estiveramos facendo un prego novo con actividades novas, non estaríamos modificando a ordenanza? para qué? unicamente para modificar os prezos porque ao mellor xa había que modificar tamén os prezos, que podería ser perfectamente, poderíamos estar adecuando, subindo ou baixando prezos, podería ser..., pero non adecuando ao mellor as actividades, simplemente é iso.

E reafirmome na cuestión de protocolo, porque hai cuestións nas que as veces un se vai por dez euros, quince euros, ou polo que sexa e non por iso como nin mais bos nin nada diso, se cada un queres ser dadivoso que o faga tamén con outro tipo de cuestións, non poñemos en dúbida cando hai algún..., e menos neste concello onde ao día de hoxe practicamente xa non hai ningún tipo de cuestión relacionada co protocolo, non temos *ni los pinchos...*, *ni los vinos*, nin non sei que..., nin demais, practicamente inexistente, polo tanto xa digo, non fagamos unha demagogia barata nese caso.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: nada, o noso voto vai ser afirmativo.

Trala correspondente deliberación, e non producíndose intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: dúas (2) abstencións; grupo municipal do Partido Popular: dúas (2) abstencións; concelleira non adscrita: unha (1) abstención. **Total sete (7) votos a favor e cinco (5) abstencións.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSdG-PSOE RELATIVA Á DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS DA XUNTA DE GALICIA AOS CONCELLOS CON CRITERIOS OBXECTIVOS E TRANSPARENTES. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da moción presentada polo PSdG-PSOE, ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 20 de febreiro de 2017, que transcrita literalmente di:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Único de Concellos (POS+2017), aprobado pola Deputación da Coruña no pleno do 25 de novembro de 2016, é un modelo singular de cooperación entre a Deputación e os concellos que, entre outros obxectivos, pretende mellorar e simplificar as fórmulas de cooperación cos concellos, facilitándolles a tarefa de elaboración do seu orzamento anual, ao contar cunha previsión firme na aportación provincial, permitíndolle dar resposta a situacións e necesidades concretas de cada concello, simplificando ao mesmo tempo as tarefas administrativas, coa consecuente rebaixa na sobrecarga de traballo do persoal dos concellos. Cómpre destacar, así mesmo, que este plan de colaboración cos concellos contempla a distribución de fondos con criterios obxectivos (os criterios POS), uns criterios que suscitan un amplísimo e moi maioritario apoio entre os concellos da provincia. É, pois, un instrumento de cooperación que avanza claramente na transparencia do reparto dos fondos e que permite que os concellos teñan un marco referencial da achega total inicial da Deputación da Coruña, que, por outra parte, ten un carácter dinámico, xa que as propias bases do Plan recollen a posibilidade de incrementar a súa dotación orzamentaria con cargo aos remanentes que se xeren ao longo do exercicio. O Plan Único afonda igualmente no concepto de autonomía local, posto que facilita que os concellos destinen a achega provincial ás prioridades municipais de cada concello.

Outros aspectos positivos e innovadores a destacar do Plan Único da Deputación da Coruña son: primeiro, que non esixe aos concellos o seu cofinanciamento, como si lles esixen os “Plans Finalistas” que levan aparelado unha porcentaxe de

endebedamento local, evitando con isto provocar que as administracións locais sigan aumentando as súas obrigas e a súa débeda; segundo, que ofrece un mecanismo aos concellos en dificultades para sanear as súas contas públicas; e terceiro, que facilita que se rebaixen os períodos medios de pago ás empresas, o que evita que os concellos con graves problemas económicos se vexan na obriga de reducir servizos ou de subir taxas e impostos aos seus veciños e veciñas para poder facerlle fronte ao seu déficit e/ou débeda.

Con este Plan Único de Concellos (POS+2017) a Deputación da Coruña está a marcar un novo camiño para outras administracións no ámbito da cooperación local. Só hai que salientar un dato comparativo: mentres a Deputación destina inicialmente ao Plan Único 74 millóns de euros para os 93 concellos da provincia (que ao final do exercicio 2017 prevese que poida alcanzar a cifra de 100 millóns), a Xunta de Galicia unicamente achega 120 millóns ao Fondo de Cooperación Local para os 313 concellos do país.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación do Concello de BERGONDO a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a que siga os pasos da Deputación da Coruña, transferindo directamente ao Fondo de Cooperación Local os recursos que o Goberno galego destina aos concellos, actuando con transparencia e obxectividade no reparto de fondos da Comunidade Autónoma.

A Coruña, 16 de febreiro de 2017

Asdo. Fco Javier Santos Maseda. Voceiro do Grupo PSdG-PSOE de Bergondo"

Seguidamente toma a palabra a Sra. voceira do Partido Popular, e manifesta: nós queremos presentar unha emenda.

Sra. alcaldesa: pois dea lectura á emenda.

Sra. voceira: nós presentamos esta emenda porque este modelo que presenta agora a Deputación, ben é certo que é un pouco aínda un experimento que imos comezar a probar, pero non se sabe como vai saír. A continuación da lectura á emenda, que transcrita literalmente di:

"O Grupo Municipal do Partido Popular de Bergondo, conforme ao previsto no Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, preséntalle ao Pleno Municipal a seguinte ENMENDA:

PARA QUE O GOBERNO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA GARANTA QUE O CONCELLO DE BERGONDO PERCIBIRÁ, COMO MÍNIMO, A TRAVÉS DO NOVO PLAN ÚNICO, OS MESMOS FONDOS QUE RECIBÍAN COAS LÍNEAS DE SUBVENCIÓN QUE EXISTÍAN CON ANTERIORIDADE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pleno da Deputación da Coruña aprobou o pasado mes de novembro, cos votos a favor do Goberno provincial, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, e co voto en contra do Partido Popular, o Plan Único dos Concellos dotado con 74 millóns de euros.

O novo programa unifica o Plan de Obras e Servizos, o Plan de Acción Social e o Plan de Aforro e Investimentos e 11 liñas de subvencións (en concreto suprímense as de cultura, deportes, promoción, económica, turismo, desenvolvemento de servizos sociais, políticas de igualdade, envellecemento activo).

Segundo o acordo plenario, o POS 2017 nutrirase dos 24,2 millóns que a Deputación achegaba cada ano ao tradicional Plan de Obras e Servizos, así como dos 8,3 millóns das liñas de axuda e dos 20 millóns do superávit que o organismo provincial prevé obter este ano e os 21,5 millóns que ata agora se dedicaban ao Plan de Aforro e Investimento.

Ademais, tendo en conta que o goberno provincial comprometeuse tamén a engadir, como mínimo, os 13 millóns de euros de remanente, co que igualaría a achega total dos plans do anterior goberno.

En consonancia con todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Bergondo propón á consideración do pleno municipal o seguinte acordo:

1. Que Deputación da Coruña garanta que o Concello de Bergondo, como mínimo, non verá reducidos os ingresos que percibiu o ano pasado a través do Plan de Obras e Servizos, o Plan de Acción Social e o Plan de Aforro e Investimentos e 11 liñas de subvencións: cultura, deportes, promoción, económica, turismo, desenvolvemento de servizos sociais, políticas de igualdade, envellecemento activo).
2. Que a institución provincial comprométase a incluír na partida orzamentaria coa que arranca o Plan Único dos Concellos os remanentes de tesourería que se vaian xerando ao longo do exercicio económico do 2017."

Continúa a Sra. voceira: esa sería a emenda, simplemente para xerar ese compromiso.

Sra. alcaldesa: pois nós o que cremos é que con isto, o Partido Popular está tratando de xerar..., non sei se ao mellor un engano, pero si dende logo pois cambiar os números, o que está claro é que co Plan deste ano, e eu lles pasarei agora a dar as cantidades, se reparten os fondos dunha forma obxectiva, e son os criterios aprobados maioritariamente, que son os criterios POS; eu lles dicía o outro día que serán uns criterios que nos poden parecer mais xustos ou menos xustos, pero son os criterios adoptados e aprobados por todos os grupos no seu día.

O que pretende o Partido Popular é seguir ca mesma teima, incluso de feito o Concello de Bergondo ao día de hoxe lle aseguro que incluso lle convén.

Que garantimos con isto?, que independentemente de quen estea gobernando, tanto na Deputación como nos concellos, o que se vai repartir vai ser sempre a cantidade que sexa obxectiva e que ademais se coñeza xa a primeiros de ano, e lle poño os exemplos, loxicamente o POS non, porque era unha cantidade fixa, pero despois se a iso lle sumamos as cantidades recibidas en todas esas subvencións, no 2014 o Concello de Bergondo sumou douscentos trinta e dous mil catrocentos sesenta euros, no 2015 douscentos trinta e un mil, en cambio o ano pasado douscentos oitenta mil euros; que quere dicir isto? que en función da cor política que estea na Deputación da Coruña, pois así esas subvencións se reparten cun carácter mais subxectivo ou non, polo tanto nós o que pedimos é unha garantía para a continuidade, realmente é saber qué, o que imos ter vai ser sempre esa cantidade con eses criterios, que se diminúen ao máximo posible as subvencións nominativas, e o mesmo lle pedimos á Xunta, que elimine a maior parte de subvencións que están saíndo continuamente, que supoñen esa carga de traballo tremenda, xa digo algunhas non se poderán eliminar porque son subvencións con fondos europeos destinados a temas moi concretos, pero que se sume ao Fondo de Cooperación Local, nós recibimos xa todos os anos unha asignación no Fondo de Cooperación Local, pois o que pedimos da Xunta é o mesmo, que deixen tamén de tutelarnos, que nos digan para que nos van dar os cartos ou para que non, porque ao mellor nos están dando para algo que non ten necesidade, para unha subvención para o que o concello non o necesita, e en cambio si o necesita para algunha outra.

E iso é o que se solicita, que realmente o reparto dos fondos sexa con eses criterios obxectivos; e por certo, está garantido que imos ter mais que o ano pasado e ao día de hoxe é certo que non o hai porqué o remanente do exercicio anterior non se coñece aínda, non está pechado o exercicio, igual que non está pechado aínda no Concello de Bergondo, pero coas achegas que se prevén sumarlle a este Plan único, o Concello de Bergondo xa vai recibir mais do que recibiu o ano pasado e do que recibiu hai dous anos, en total, esa é a cuestión.

Sra. voceira: entendemos perfectamente a súa oposición, porqué tamén é certo que a súa moción é partidista, e paréceme lóxico que defendan ao seu Partido, pero nós aquí o único que pretendemos é que simplemente non se vexan reducidos os ingresos en anos posteriores, e que se comprometan a incluír esa partida orzamentaria de remanentes que no seu día dixeron que se ía facer desa forma.

E precisamente porqué consideramos que isto non sabemos aínda como vai saír, que pode ser un experimento que saia ben ou todo o contrario, que pase o contrario e saía mal, por iso traemos esta moción aquí para que a Deputación da Coruña garante que o Concello de Bergondo teña, como dixen anteriormente, os mesmos ingresos e que se comprometa a incluír a partida orzamentaria dos remanentes.

Sra. alcaldesa: realmente o único motivo polo que ao final o Partido Popular está presentando isto, é porqué non queren unha vez mais que isto se vai facer na Xunta; e reitérome, a maior parte de alcaldes, e do Partido Popular excepto cando os chaman dende arriba, están de acordo con este Plan porqué poden realmente decidir en qué van investir e en que non...

Sra. voceira: nós non estamos dicindo nin que esteamos a favor ni en contra...

Sra. alcaldesa: non, é sabido...

Sra. voceira: estamos dicindo que se garanten unhas cousas...

Sra. alcaldesa: ... que o voceiro do Partido Popular na Deputación di, o Plan é moi bo e o Plan está moi ben, pero eu son do Partido Popular e o teño que criticar.

Sra. voceira: pero eu non son a voceira do Partido Popular na Deputación....

Sra. alcaldesa: non, non, seino...

Sra. voceira: eu o único que estou tentando é que se garanta dúas cousas que considero que son mínimas.

Sra. alcaldesa: e eu tamén, estou tentando que se garanta que vaian ser sempre os mesmo fondos, independentemente da cor política que estea gobernando, tanto na Deputación como na Xunta.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: eu non vou entrar na guerra PP PSOE porqué non, pero gustárame..., primeiro moi mal polo Partido Popular, porqué non se nos entregou copia da emenda, nin sequera podemos darlle unha volta a ver que é o que vostede dixo, porqué tampouco se lle entendeu moi ben.

Pero aparte disto, gustárame que incluso a señora secretaria opinase ao respecto, porqué eu o que non sei é como o Pleno do Concello de Bergondo, pode votar a favor o ditaminar os acordos que ten que tomar a Deputación, é que me parece unha locura, primeiro punto.

E segundo punto, e xa volvendo á moción presentada polo Partido Socialista, pois eu dígolle o mesmo que lle dicía o outro día na Comisión informativa, oxalá os criterios de subvencións entre Administracións fosen sempre os mesmos, desa maneira é verdade que se simplificaría o traballo administrativo, o traballo dos funcionarios. Pero tamén lle dicía o porqué esta moción é do PSOE e non da Fegamp, falabámolo porqué se realmente tantos alcaldes están interesados en que isto se leve a cabo, pois tería moitísima mais forza que esta moción partise da Fegamp.

E vostedes din, e vostedes todos opinan, que efectivamente isto se fai cuns criterios moito mais obxectivos, eu creo neste caso, que está por ver e ao mellor é moi precipitado, facer todos estes cambios e non esperar, polo menos este ano, a ver que ocorre con estes repartos e se ao final todos estamos tan contentos ou mais contentos que co criterio anterior.

Sra. voceira de Veciños de Bergondo: o mesmo que lle dixen na Comisión, isto é este ano, comezou, haberá que ver como sae; haberá que ver ao final do exercicio, cando se cumpren as subvencións, se apliquen, que se invistan, e despois é un bo momento para facelo.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: nós temos clarísimo que cabe agardar que a Xunta chegue a tomar tamén nota de criterios que vaian por esta mesma liña.

Trala correspondente deliberación, e rematadas intervencións, sométese a votación a emenda presentada polo grupo do Partido Popular que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos en contra; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos en contra; grupo municipal de Veciños de Bergondo: dúas (2) abstencións; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; concelleira non adscrita: un (1) voto en contra. **Total oito (8) votos en contra, dous (2) votos a favor e dúas (2) abstencións.**

Polo tanto, a sr.a alcaldesa declara rexeitada a emenda, por maioría de votos en contra.

Seguidamente sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos a favor; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Veciños de Bergondo: dúas (2) abstencións; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos en contra; concelleira non adscrita: unha (1) abstención. **Total sete (7) votos a favor, dous (2) votos en contra e tres (3) abstencións.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos.

7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL N°13 DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DA AUGA POTABLE, ACOMETIDA Á REDE XERAL DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO E PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS A FAVOR DAQUELAS PERSOAS CON MENOS RECURSOS. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dáse conta da moción presentada polo Partido Popular, que foi ditaminada desfavorablemente por maioría de votos en contra, pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno en xuntanza do 20 de febreiro de 2017, que transcrita literalmente di:

"Exposición de motivos:

La realidad social de Bergondo impide en algunas ocasiones que determinadas personas puedan hacer frente al gasto que supone realizar la acometida a la red general de abastecimiento y saneamiento. El hecho de que e1contexto social en los últimos años se haya modificado hace que en algunos hogares sea la población envejecida la que sustenta a la familia. Esto da lugar a que las dificultades aumenten al encontrarse en muchas ocasiones con ancianos/as con pensiones no contributivas asumiendo gastos básicos de subsistencia.

En un ayuntamiento rural, de población dispersa y envejecida las quejas vecinales aumentan al no conocer que se puede hacer una reducción en el coste para aquellas personas que por diferentes motivos no son capaces de soportar este gasto. Por eso consideramos importante que se tomen otras medidas no reflejadas en la ordenanza para así también conseguir que

aumente el número de personas utilizando la red general de abastecimiento y saneamiento. De esta forma conseguiremos que al aumentar el número de acometidas realizadas también descienda el nivel de vertidos.

Se solicita:

- Modificación del artículo 7 de la ordenanza fiscal n.º 13 de la tasa por la suministración de agua potable, acometida a la red de abastecimiento y saneamiento y prestación del servicio de saneamiento y depuración de aguas residuales en relación con los criterios genéricos de capacidad económica que viene a decir lo siguiente:

"As cotas tributarias indicadas no parágrafo anterior e referidas ó apartado D, aplicaráselles unha redución do 50%, no caso de que os contribuíntes, persoas físicas que teñan escaseza de recursos económicos ou persoas xurídicas sen ánimo de lucro ou con fins sociais ou benéficos, sempre que así o acredite un informe dos Servizos Sociais do Concello e previa solicitude individualizada en cada caso."

Añadiendo lo siguiente: Además de esta reducción del 50 % las personas contribuyentes con escasez de recursos podrán solicitar el fraccionamiento en plazos del pago de esa cuota así como la moratoria del pago de 1 a 12 meses en función de unos criterios establecidos por el departamento de Servicios Sociales.

-Enviar una carta informativa a toda la población de Bergondo para dar a conocer los recursos existentes para la reducción, aplazamiento y moratoria del coste de las cuotas tributarias.

Fdo. Noelia Fernández Ventureira"

Continúa a Sra. voceira: nós presentamos esta moción porque na Ordenanza existente non aparece reflectida esa posibilidade que nós contemplamos en canto ao fraccionamento e á moratoria. Polo tanto, ás veces, cando non aparece reflectido enténdese que iso non exista, ao lelo.

Que exista unha lei que contemple isto non quere dicir que a poboación do Concello de Bergondo, teña que sabelo, nin sequera que o propio concello estea aplicando esas medidas, é mais, agora mesmo non se está aplicando nin ese fraccionamento nin esa moratoria.

Esta modificación é moi simple, porque só se trata de engadir un parágrafo, fíxose xa con outro tipo de modificacións en determinadas ordenanzas; recordar que hoxe mesmo acabamos de modificar unha ordenanza de actividades onde non se engadiron demasiadas cousas, mais que unha actividade con hotel de fin de semana, e a eliminación dunhas festas baile. Eu só vou poñer un exemplo, unha acometida de abastecemento pois podería custar sobre trescentos sesenta con corenta e dous, ou saneamento trescentos oitenta e dous con cincuenta e sete, mais despois outros gastos que poden derivar disto; unha persoa non contributiva no ano 2016, cobraba trescentos sesenta e sete con noventa euros, creo que é un presuposto bastante axustado.

Ademais agora mesmo que estamos vivindo un problema bastante grave de vertidos, isto tamén podería dar lugar a que houbera moitísimas mais conexións á rede de abastecemento e saneamento, e polo tanto seguramente eses vertidos tamén se podería conseguir reducilos.

Recordar que no ano 2015 a Comisión Europea, expedientou a Bergondo por un sistema de saneamento, e aquí está a noticia, polo tanto, isto sería bo para mellorar a calidade.

Así que fagamos disto unha loita común, e polo menos que se envíe información a todas as casas para que as persoas de Bergondo coñezan os dereitos que teñen.

Por certo, voulle recordar unha cousa, é que a poboación de Bergondo fainos dicirlle, que lle transmitamos, que están desexando conectarse á depuradora, e que hai unha parte desa poboación que leva mais de seis meses esperando e que non recibiron contestación por parte do Concello de Bergondo.

E tamén por certo, como vostedes xa saberán, o Partido Popular solicitou por Rexistro, xa en varias ocasións, que se convocara a Comisión de vertidos, e ao día de hoxe non foi convocada, entón volvo a transmitir aquí que por favor se convoque o antes posible porque temos bastantes cousas que achegar.

Sra. alcaldesa: pois sería unha novidade que vostedes tiveran cousas realmente importantes que achegar.

Recentemente a Ordenanza foi modificada e non fixeron vostedes este tipo de achega, supoño que se lles esqueceu no seu día.

Eu lles comentaba o outro día, ao día de hoxe existe a posibilidade, como vostede ben dicía agora mesmo, e está previsto xa no Regulamento xeral de recadación e a Lei xeral tributaria así o prevé, e o fraccionamento ten que ser solicitado e vai xerar intereses de demora; por certo non é o departamento de Servizos Sociais quen terá que facer eses cálculos, senón que será o departamento de Tesourería e de Intervención, como xa se ten feito nalgunha outra ocasión.

E lles comentaba que moitas veces o custo maior son as ampliacións de rede, iso é unha obra particular e entón aí xa non entramos.

Polo tanto, ao día de hoxe é factible i é posible o fraccionamento, hai que solicitalo, e así se pode facer. Que a xente non o saiba?... á xente se lle explica e á xente cando pregunta se lle informa; eu lle dixen o outro día que si que é certo que a partir de agora podíamos engadir nas cartas que se están enviando agora mesmo para que a xente se conecte, pois un parágrafo mais con esta información paréceme que é boa idea, pero non modificar unha ordenanza que non ten que ser modificada; acabamos de modificar outra segundo vostede por unha cuestión menor, pero na qué realmente si era necesario modificalo, e non nesta.

E mire, as noticias que saen na prensa as veces hai que lelas un pouquiño mais polo fondo ou incluso preguntar, no 2015 non se expedientou ao Concello de Bergondo por ningunha cuestión, senón que a Unión Europea expedientou ao Reino de España, e neste caso que ademais ten as competencias de saneamento delegadas na Xunta de Galicia, sería a Xunta de Galicia por non ter saneamento nun núcleo de mais de dous mil habitantes naquel momento como era Gandarío. Invítolle a que vostede mire á ver onde está o expediente sancionador ao Concello de Bergondo no 2015, non existe; as publicacións ás veces hai que ir un pouco mais ao fondo ou incluso esperar á respostas, porque estou convencida de que nós naquel momento tamén respondemos, xa llo digo.

Polo tanto, o noso voto igual que o outro día vai ser en contra, non porqué esteamos en contra de informar á xente de que existe a posibilidade de fraccionamento, e a redución do cincuenta por cento ao día de hoxe por unha cuestión que, como vostede di, que ademais pode facilitar que a xente se conecte á rede de saneamento, pero non imos propoñer que se faga un cambio na Ordenanza.

Sra. voceira: en canto ao que vostede di, que cousas importantes que achegar o Partido Popular ten poucas, esíxolle que teña bastante mais respecto, porqué no momento que nos sentamos aquí estamos leximitados para facer propostas, porqué para iso nos votou a poboación de Bergondo, por tanto iso é unha falta de respecto, non a nós senón xente que votou ao Partido.

Sra. alcaldesa: igualmente lle podería dicir das faltas de respecto que fan vostede contra o grupo de goberno.

Sra. voceira: faltas de respecto en sesión plenaria non houbo ningunha.

De todas formas como lle dicía antes, consideramos que se algo non aparece dentro dunha ordenanza non se ten porqué entender que iso é así, porqué se unha persoa de Bergondo acode á páxina do concello e descarga dita Ordenanza non lle vai aparecer, polo tanto como vai saber que ten dereito a iso; asegúrolle que a xente de Bergondo descoñece que ten este tipo de axudas, porqué nós fixemos unha reunión hai pouco con persoas de Gandarío e non o coñecía absolutamente ningún, polo tanto considero que se necesita moitísima mais información en canto a este tema e por suposto que enviando unhas cartas ás casas, que é o que nós pedimos, imos arranxar moitísimos dos problemas, porqué así o coñecerán e poderanse axustar, pero se non se modifica a Ordenanza estaremos no mesmo problema.

Pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións.

Sra. concelleira non adscrita: eu creo que quedou bastante claro que a Lei prevé o aprazamento de calquera obriga coa Administración, que hai un trámite laborioso e importante.

Tamén é verdade que a maior parte da xente non se le as ordenanzas de cabo a rabo, e tamén, como dicía o outro día, como membros da Corporación Municipal estamos obrigados a informar á poboación de todo o que pode e non pode facer no concello, e se non o sabemos teremos que informarnos nós tamén.

Sra. voceira de Veciños de Bergondo: pois mire, todo o que sexa bo para os veciños creo que temos como mínimo que estudalo e que valoralo, efectivamente na Comisión informativa o noso voto foi abstención, pero tendo en conta ese detalle e a intención última da moción do Partido Popular, que é que se facilite, se informe...; pois efectivamente se está na Lei xeral tributaria pois os particulares poden acudir a ela, pero eu non creo que tampouco sexa tremendamente nefasto que aparezan nesta Ordenanza, incluso a remisión á Lei xeral tributaria, simplemente unha remisión, e aínda que só sexa por ese detalle e un apartado de diga fraccionamento, pois o veciño poderá dicir aquí hai outra lei distinta a esta, terei que buscala e terei que decatarme; porqué igual non temos a garantía suficiente de que os empregados da empresa, neste caso Viaqua, informen ao veciño da posibilidade de fraccionamento. Entón neste caso creo que debemos apoiar a moción do Partido Popular.

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: entendemos que se o fin é facilitar información á veciñanza de Bergondo sobre as posibilidades de fraccionamento das cotas, non só nas cuestións que atinxen a esta Ordenanza, senón a outras, se o que se persegue é iso pois evidentemente pódese facilitar no sucesivo maior información nese sentido, a través da web ou a través das próximas cartas que se envíen aos veciños e aos que instamos a que se conecten, pero para iso non fai falta ningunha moción, e non fai falta tampouco modificar a Ordenanza, porqué teríamolo que facer absolutamente en todas para introducir ese parágrafo; entón, como rogo está ben, como moción pois non, o noso voto vai ser desfavorable.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: cinco (5) votos en contra; grupo municipal de Son de Bergondo-Anova: dous (2) votos en contra; grupo municipal de Veciños de Bergondo: dous (2) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; concelleira non adscrita: unha (1) abstención. **Total sete (7) votos en contra, catro (4) votos a favor, e unha (1) abstención.**

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **rexeitado, por maioría de votos en contra**, o ditame antes transcrito.

8. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións ditadas desde o 23 de xaneiro ao 17 de febreiro de 2017, ámbolos dous incluídos, numerados do 61/2017 ao 134/2017. O Pleno queda enterado.

9. ASUNTOS URXENTES.

A Sra. alcaldesa, no cumprimento do disposto do artigo 46.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida no punto de Rogos e Preguntas.

Non se presentan.

10. ROGOS E PREGUNTAS.

En primeiro lugar a Sra. voceira do Partido Popular dalle lectura ás preguntas que presentaron no pleno anterior do mes de xaneiro, e que quedaron pendentes de responder ao ser presentadas no mesmo día da celebración da sesión; son as seguintes:

1ª. Cal é o horario do primeiro tenente de alcalde, que é o único que non aparece publicado en la web.

Sra. alcaldesa: en canto a isto, dicir que no Concello de Bergondo hai catro tenentes de alcalde e os que teñen dedicación parcial teñen informado dos seus horarios por unha cuestión de compatibilidade; se a súa pregunta vai polo primeiro tenente de alcalde, lembrámoslle que é unha dedicación exclusiva igual que pode ser a miña, a de alcaldesa, e de moitos alcaldes, altos cargos, ou conselleiros, eu a verdade que estiven intentando encontrar horarios na páxina web dalgún deles e non o din atopado, pois normalmente a dedicación exclusiva non ten horario, ou ao mellor o ten pero son as vinte e catro horas do día.

Sra. voceira: entendo que de todas formas debería aparecer na web do concello determinadas horas, pero non por nada, simplemente para facilitar á xente e que saiba qué horarios ten para..., que saiba tamén cando se pode reunir con eles.

Sra. alcaldesa: é que non son o mesmo os horarios, e nós así tamén o definimos, os horarios dos concelleiros dos os horarios de atención ao público, por iso habitualmente pode haber un horario de atención ao público nun día determinado, ou por unha cuestión incluso moito mais cómoda tamén unha cita previa, e hai que distinguir bastante; loxicamente atención ao público non é o horario de traballo, como pode supoñer.

2ª. Na convocatoria de contratación dun tractorista aparecen dúas incoherencias, por un lado que a solicitude pódese realizar a partir dos dezaseis anos, e que á súa vez se pida o carné de conducir; e por outra parte na instancia do concello so se pide o certificado de escolaridade, mentres que no BOP se pediría o certificado de escolaridade e o carné de conducir, clase B. Porqué non se subsanaron eses erros?

Sra. alcaldesa: no referido ao requisito de ser maior de dezaseis anos, resulta obvio que para ter o carné de conducir pois hai que ter cumpridos os dezaioito, polo tanto para poder presentarse a esa oferta en concreto é preciso reunir os tres requisitos, maior de dezaseis, carné de conducir e certificado de escolaridade, non é contradictorio, aínda que si que entendo que poida ser unha obviedade. En todo caso unhas cuestións son as bases xerais, onde a calquera con dezaseis anos podería entrar con permiso paterno a traballar, en cambio si que neste caso non podería con dezaseis anos, polo tanto non é un erro.

Despois, nas bases reguladoras publicadas no BOP, no Taboleiro de Edictos, e na páxina web, aparecen claramente os requisitos de obrigado cumprimento, o DNI, o carné de conducir, o certificado de escolaridade; na instancia enuméranse os documentos, fotocopia de DNI e títulos esixidos no apartado C, cando é certo que debería dicir C e D, e a todos os candidatos se lles informou dos documentos obrigatorios e que foron esixidos, na instancia hai un espazo para engadir calquera tipo de documentación que non apareza, non se subsanou porqué o proceso de presentación de instancias rematou o vinte e catro de xaneiro, e todas as instancias foron perfectamente formuladas, sen que ninguén quedar excluído por esta cuestión.

Sra. voceira: de todas formas, para futuras ocasións considero que se volve a ocorrer isto, se encontra algún tipo de erro, si que deberían de subsanarse para que non haxa incoherencias.

Sra. alcaldesa: cando son erros, efectivamente hai subsanación de erros, que non é a primeira vez que pasa e seguramente seguirá a pasar.

3ª. Levamos esperando polo Regulamento de vertidos mais dun ano, cando estará redactado? Qué medidas se están tomando con aquelas persoas que ao non estar conectadas ao alcantarillado están causando vertidos danos para o medio ambiente?

Sra. alcaldesa: o Regulamento contamos que estea listo proximamente, xa sei que probablemente non lles guste a resposta, pero non lles podo dar unha data aproximada. Pero mire, non todos os veciños que non están conectados ao saneamento causan danos ao medio ambiente.

Sra. voceira: claro que non.

Sra. alcaldesa: hai que especificalo; nos casos que é así xa se iniciaron expedientes sancionadores, e se vai iniciar algún mais.

Sra. voceira: claro, pero nós aquí xa falamos directamente daquelas persoas que ao non estar conectadas cáusano, referímonos a quen causa vertidos obviamente, non a quen non o fai.

Que pronto..., pronto, levamos esperando un ano entón esperemos que pronto sexa nun mes, dous meses...

Sra. alcaldesa: si

Sra. voceira: nós temos as preguntas tamén deste mes, entón se quere....

Sra. alcaldesa: por unha cuestión formal lle estamos dando primeiro resposta ás preguntas, porque ademais debemos esa resposta, pero....

Sra. voceira: entón despois xa as facemos.

5ª No lado esquerdo, na marxe esquerda da praia de Gandarío, se encontra un tubo dende hai moito tempo, que desprende malos olores e ademais é perigoso para os bañistas porque está por enriba da area e en mal estado, cando se vai proceder a amañar isto?

Sra. alcaldesa: está posto en coñecemento de Costas, e estamos estudando aínda diferentes opcións, ou ben mellora, modificación do trazado, ou incluso eliminación; aínda estamos pendentes de que nos dean a mellor opción.

Sra. voceira: de todas formas isto leva anos, é un problema de malos olores, vertidos e demais que leva moitísimos anos, e que o problema que nos estamos encontrando agora mesmo coas praias debería ser solucionado xa e non esperar tanto tempo.

Sra. alcaldesa: é un tubo de pluviais, realmente o problema é que estarían conectadas fecais, cuestión que efectivamente depende do concello evitar co saneamento que vaian as fecais a ese tubo, e cuestión diferente a maiores é se agora é conveniente manter un tubo de pluviais no areal, porque é un tubo de hai moitos anos, de feito sería unha cuestión que ao día de hoxe xa non estaría autorizada, por iso lle digo que se está mirando agora de arranxalo ou non arranxalo, incluso ver a posibilidade de quitalo.

Sra. voceira: pero o que non pode ser é que estean mirando iso anos.

6ª. Este mes tivo a primeira reunión para constituír o Consello de Relacións Veciñais, que xa tería que estar formado no mes de agosto do pasado ano, porque non se invitou a ningún dos Partidos políticos que non formamos parte do goberno, a participar cando o artigo 19 di que estará integrado por unha persoa representante de cada un dos Grupos municipais integrantes da oposición.

Sra. voceira: foi o mes pasado

Sra. alcaldesa: obviamente vostedes van estar representados, como ben di vostede, e que ademais aparece no artigo dezanove, e esa reunión que tivemos foi para informar ás Asociacións sobre todo o contido do título tres do Regulamento de participación veciñal, que ademais en breve se lles solicitaría que designasen a un representante, igualmente o temos que facer con vostedes, se lles enviará un escrito para que designen representante, unido aos representantes designados polas Asociacións e virá a pleno, e formalmente se constituirá o Consello.

Sra. voceira: se vostedes fan reunións para informar ás Asociacións, que os Partidos Políticos que tamén temos que ter representación non esteamos alí, é un signo de que é un goberno un pouco ditatorial, porque o normal é que esteamos todos os representantes, tanto veciños como...

Sra. alcaldesa: cando o concello convoca ás Asociacións, de verdade vostede me está dicindo que convoque tamén aos Partidos Políticos, nunha cuestión na que estamos informando ás Asociacións? pois estou esperando a que vostede tamén nos invite a algunha reunión que fai o Partido Popular, ou entendo que aí non nos teñen que invitar a nós?

Sra. voceira: é diferente, vostedes están facendo unhas reunións para crear un Consello de Relacións Veciñais...

Sra. alcaldesa: si, e estamos informando ás Asociacións...

Sra. voceira: polo tanto, estou falando eu agora mesmo, respecte as quendas de palabra...

Sra. alcaldesa: respecte tamén vostede, que non solicitou unha nova quenda; se vostedes queren reunirse coas Asociacións, terán que facer vostedes tamén as súas reunións con elas, señora concelleira...

Sra. voceira: se vostedes....

Sra. alcaldesa: é que é así...

Sra. voceira: se vostedes fan unha reunión, para constituír un Consello de Relacións Veciñais, onde todos os Partidos políticos da oposición temos que ter unha persoa representante, nós temos que estar tamén presentes....

Sra. alcaldesa: non teñen que estar presentes nunha reunión previa, señora concelleira, estarán vostedes...

Sra. voceira: non estamos a falar dunha reunión do PSOE, ou de Anova, particular, estamos falando de....

Sr. voceiro de SON de Bergondo-Anova: non había representantes de Anova...

Sra. alcaldesa: non había representantes de Anova nin do PSOE, eran concelleiros do ramo correspondente, que nin sequera nós reunimos todos os concelleiros nin nada polo estilo, nin todo o Partido, nin xente que non era un representante institucional...

Sra. voceira: moi ben...

Sra. alcaldesa: é que esa é a cuestión, cando estea realmente constituído e se convoque formalmente o Consello, por suposto, porque ademais xa non hai dúbida ningunha, que teñen que estar vostedes presentes, pero vamos...., pois non será que non temos feito reunións con algunhas Asociacións para comentarlles..., como teñen que presentar ás subvencións municipais aconsellando para que non se cometan erros, etcétera; pois é unha cuestión informativa. Por un lado parece que están vostedes desexando que non informemos, ou lles molesta....

Sra. voceira: todo o contrario, estamos invitándolles a que nos deixen participar.

7ª Gustaríanos saber tamén porqué se o mantemento de beirarrúas e a iluminación son competencia do concello, non se levou a cabo ningunha acción no tramo da NVI que pasa por Guísamo, Vixoi e Cortiñán, para mellorar a súa seguridade vial, así como o amaño da maioría de beirarrúas do concello, que teñen baldosas rotas ou levantadas.

Sra. alcaldesa: pois mire, en canto ás beirarrúas e á iluminación na NVI temos acometido diversas obras de reparación de beirarrúas nos últimos anos, en Guísamo...., de feito a última está feita estes días en Cortiñán.

En canto ás obras de iluminación, deberían vostedes saber que o proxecto de mellora en Guísamo a Raxás foi aprobado no Pleno do vinteseite de novembro de dous mil catorce, e vostedes estiveron presentes na Mesa de Contratación, pero bo... xa vexo a atención que están prestando nas Mesas de Contratación, porqué cando me fai esta pregunta... de verdade, e que non entendo, pero bo... ou polo menos os termos nos que se fai a pregunta.

Sra. voceira: eu no dous mil catorce non estaba na Mesa de Contratación.

Sra. alcaldesa: non, a Mesa de Contratación acaba de ser agora..

Sra. voceira: a última Mesa de Contratación?

Sra. alcaldesa: a Mesa de Contratación onde foi a iluminación da Raxás e Guísamo, estaban presentes vostedes.

Sra. voceira: si, pero esas actuacións tiñan que facerse moito antes, non agora. De todas formas, comunícolle....

Sra. alcaldesa: non agora, está aprobado o vinteseite de novembro de dous mil catorce no Pleno, precisamente nun POS adicional, e está executado agora, e vaise pouco a pouco; entendo que ao mellor vostede o que pretende é que fagamos un cambio integral así, incluso saltándonos os procedementos de contratación, pero bo....

Sra. voceira: non, pero un pouco mais de axilidade si. De todas formas comunícolles unha boa noticia, que considero que é para Bergondo e tamén para todos e todas os que hoxe nos sentamos aquí, e que loitamos e nos reunimos con diferentes persoas para mellorar a situación da NVI, é que está prevista a construción da rotonda entre a NVI e a AC164 xa o sabemos todos, pero vanse instalar os semáforos tanto en Guísamo como en Cortiñán, e iso é algo que considero que é bo.

Sra. alcaldesa:

8ª. O Partido Popular de Bergondo puxo unha denuncia en Medio Ambiente pola situación na que se encontra o teixo de Baldomir, e este Ente comprobou que os nosos argumentos eran válidos e que efectivamente se encontraba en mal estado; hai unha días vimos nas redes sociais que limparían esta finca propiedade do concello, na cal se encontra dito árbore; alégranos que a nosa denuncia servira de algo pero gustaríanos saber cando se vai proceder á limpeza.

Sra. alcaldesa: mire, a súa denuncia posta en Medio Ambiente ao final non segue para adiantar nada, os prazos habitualmente os marcamos nós e nolos marcan tamén as outras Administracións.

No seu día tiñamos unha autorización da Xunta para poder sanear a árbore, pero xusto nesa semana cando chegou a autorización, se produciron mais danos cos temporais de primeiros de mes, de primeiros de febreiro, e ante esta situación se volveu a solicitar unha autorización á Xunta cun anexo actualizado do propio día, e esa nova autorización aínda non chegou.

Sra. voceira: vale, nunha nota de prensa vostedes din que hai impedimento para acceder á parcela; non sei que impedimento hai, se mo pode dicir.

Sra. alcaldesa: impedimentos varios en canto á maleza, que tamén estamos intentando solucionar.

Sra. voceira: en canto á maleza si que o entendo porque a finca está bastante mal, porqué no 2013 non houbo ningún impedimento para poder acceder cun taller de xardinería, tamén e ben certo que ese taller de xardinería facíase con fondos da Xunta...

Sra. alcaldesa: con fondos da Xunta que non son dos concellos...?, que son da Xunta?

Sra. voceira: si...

Sra. alcaldesa: que son da Xunta e que non teñen nada que ver cos concellos?...e como os pon a Xunta xa parece que non ten nada que ver e que non son os fondos aos que temos dereito os concellos...

Sra. voceira: non saque de contexto o que lle estou dicindo...

Sra. alcaldesa: non me saque vostede de contexto cando está agora dicindo que é un obradoiro feito pola Xunta, como se efectivamente iso non fose co Concello de Bergondo.

Sra. voceira: simplemente dicía que eran fondos....

Sra. alcaldesa: de toda formas, por unha cuestión formal, señora concelleira, as preguntas son "rogos e preguntas" e non da lugar a debate, polo tanto faga vostede a pregunta e lle dou a resposta.

Sra. voceira: desculpe, xa vexo o que lle molesta...

Sra. alcaldesa: non me molesta, non me molesta en absoluto, pero por unha cuestión formal.

Sra. voceira: vale, simplemente aproveitar para dicirlle que tampouco lle bote a culpa ao Partido Popular, porqué ningunha das dúas persoas que estamos aquí formabamos parte del, cando creo que Juan Fariña no seu momento si que apoiou, nunha lista do Partido Popular, con isto e vostede creo que estaba no Partido Socialista.

Sra. alcaldesa: de que me fala? de que me fala?...

Sra. voceira: fálolle agora mesmo do Pazo de Baldomir

Sra. alcaldesa: si, e? ...

Sra. voceira: fálolle de cando se fixo, cando se fixeron esas obras en Baldomir ...

Sra. alcaldesa: de cando se fixo? un Plan Parcial aprobado polo Partido Popular directamente, onde nin sequera informaban....

Sra. voceira: pero nós non estabamos formando parte dese Partido Popular.... nin estabamos en listas, nin absolutamente nada...

Sra. alcaldesa: eu tampouco...

Sra. voceira: non considero tampouco que se fixera ben...

Sra. alcaldesa: ah; vale...., perfecto.

9ª. Cando se van executar as obras da segunda fase da seguridade vial en San Paio e porqué non se realizou ata agora.

Sra. alcaldesa: pois será porqué aínda non hai un proxecto aprobado; no seu día, non sei se vostedes como non estaban aquí ao mellor non coñecen a historia da segunda fase da estrada de San Paio, os informes paralizaron ese

Plan, os informes de Patrimonio, os informes botánicos, etcétera...; coido tamén que deberían preguntar vostedes aos seus compañeiros que tiveron a responsabilidade na Deputación na pasada lexislatura, tamén é un cúmulo en xeral, que a pesares de terse solicitado por activa e por pasiva, incluso con moción presentadas aquí no Pleno de Bergondo e trasladadas, non se fixo nada, e eu quero pensar que é tecnicamente complicado e que por iso van pasando as diferentes corporacións e isto non se da solucionado, aínda así non nós resignamos e imos seguir pelexando pola mellora da estrada nese punto, que segue sendo moi conflictivo.

A Sra. voceira do Partido Popular da lectura aos rogos e preguntas presentados polo seu grupo para esta sesión o día 22 de febreiro co número de rexistro de entrada 1568, son os seguintes:

Rogos:

1 Luces de la pista de fútbol ubicada detrás del edificio del ayuntamiento encendidas durante toda la noche: rogamos que se proceda a su apagado durante las horas que no hay actividad.

Sra. alcaldesa: non están acendidas toda a noite, teñen un reloxo e se apagan ás vintetrés horas, ás once da noite; se algunha vez estiveron acendidas ata mais tarde probablemente sería por un fallo eléctrico ou un fallo do propio reloxo.

Sra. voceira: a nós pasáronnos fotografías que si qué efectivamente estaban acendidas mais tarde pero se ben é así, pois queda arranxado.

2 Los contratos menores correspondiente al ultimo trimestre no están colgados en la web. Rogamos que los suban lo antes posible.

Sra. alcaldesa: a ver, tamén unha aclaración; non hai unha data obrigada para a publicación na web, e de feito si dicir que somos dos poucos concellos que os estamos publicando e se vai facendo segundo a carga de traballo o vai permitindo. Lembro que, obviamente non a xente que entra nas súas casas, pero que vostedes si que teñen acceso a eles mes a mes, e que seguiremos subindo como así nolo recomenda a Lei de transparencia, pero xa digo, a carga de traballo é importante e repito, hai moi poucos concellos en toda a provincia que os estean publicando.

Sra. voceira: de todas formas fágano o antes posible porque precisamente este rogo ven dado por persoas do concello que me trasladaron esta queixa.

3 Eliminación del talud derrumbado en la carretera de Fiobre al CPAP presente desde hace mas de dos meses.

Sra. voceira: vostede creo que xa o coñece

Sra. alcaldesa: si, pero chamarlle talud paréceme unha esaxeración, é un pequeno ribazo que si que é certo, que ademais non causa molestias aos usuarios do CPAP e tamén o temos constatado porque non é por onde soben e baixan, senón que é polo outro lado da vía, aínda así, a estrada se ten que limpar e ímoslle comunicar ao dono da finca que ten que ter os coidados necesarios para que non volvan a caer restos á vía pública.

Sra. voceira: nós reunímonos esta semana con persoas do CPAP e transmitíanos todo o contrario, que si está causando molestias, porque unha persoa que ten mobilidade reducida, eu non sei se veu como está ultimamente, pero caeu moito mais, está ocupando mais parte da vía, é un pouco complicado pasar por esa zona con cadeira de rodas e tendo que transitar pola metade da vía.

Aparte dixéronos que vostede lle prometera nunha cena que houbo en Nadal nese centro, que se ía arranxar o problema...

Sra. alcaldesa: é certo.

Sra. voceira: e o problema levaba mais de dous meses, entón vai sendo hora de que se amañe, porque nós si que consideramos que está supoñendo un perigo.

Sra. alcaldesa: non o está, pero bo....

4 Limpieza de las cunetas de Mariñan.

Sra. voceira: se quere dígolle das que lle falo, están diante do número vinteún e están bastante, bastante mal; entón se poden pasarse por alí a limpalas, agradeceríámosllo.

5. *Limpieza del lavadero y fuente situados en el "camino da Fonte" en Armuño.*

Sra. alcaldesa: si, xa estamos con ese tema.

Sra. voceira: por certo, dinme os veciños desa zona que se os vai recibir vostede algún día, porque presentaron por Rexistro unhas demandas para poder reunirse e que non lles contestaron.

Sra. alcaldesa: algúns veciños desa zona estiveron esta semana reunidos co concelleiro de servizos....

Sra. voceira: seino.

Sra. alcaldesa: e efectivamente teñen pendente unha cita comigo, que por suposto se pode ser a semana que ven seguramente estarei reunida con eles, non é necesario que lla trasladen a vostede, nin que vostede a solicite aquí.

Sra. voceira: son parte da Corporación, polo tanto os veciños teñen o dereito de poder falar comigo e transmitirllle o que queiran.

Sra. alcaldesa: si, só digo que non é necesario.

6. *Mejorar la iluminación de la zona de Bergondiño, después de Fonte Fría.*

Preguntas:

1. *¿Cuándo van a terminar las obras del parque de Moruxo?*

Sra. alcaldesa: pois aínda están pendentes de facer un acceso e de preparar un peche, non podemos precisar data concreta porque nos faltan aínda algúns orzamentos e será o antes posible, pero non é unha obra rematada

Sra. voceira: que se pretende facer nesta parcela? foi aprobado en pleno o cambio de uso desa parcela? hai algún proxecto ou algún tipo de memoria técnica?

Sra. alcaldesa: vostede saberá se veu a pleno.

Sra. voceira: vostede é a alcaldesa, é quen me ten que responder.

Sra. alcaldesa: vostede saberá, vostede saberá se veu a pleno ou non, non hai cambio de uso.

Sra. voceira: non hai cambio de uso, hai proxecto?

Sra. alcaldesa: non é necesario un proxecto para a colocación dun parque biosaudable.

Sra. voceira: non é necesario; entón estame dicindo que non é necesario un proxecto para colocar un parque biosaudable?

Sra. alcaldesa: non, señora concelleira, non.

Sra. voceira: e para facer desmontes de terra tampouco é necesario ter ningún tipo de documentación.

Sra. alcaldesa: si, si, documentación si, claro que si.

Sra. voceira: non me queda a min moi claro iso que se poidan facer movementos de terra, instalacións de aparatos ...

Sra. alcaldesa: a vostede non lle adoita quedar case nunca nada claro, ese é o problema.

Sra. voceira: entón hai protección de obras? dentro desa obra que di que están a facer.

Sra. alcaldesa: señora concelleira, é unha obra que non está rematada e é unha obra que na que se fixo foi colocar os aparatos biosaudables.

Sra. voceira: hai un estudo básico de seguridade e de saúde?

Sra. alcaldesa: que non é un proxecto, que é unha colocación duns aparatos, no resto da obra se verá.

Sra. voceira: non se pode facer unha colocación de aparatos sen poñer no exterior un cartel que indique que hai unhas obras...

Sra. alcaldesa: está vostede totalmente enganada...

Sra. voceira: ou facendo unha protección....

Sra. alcaldesa: non se preocupe, que lle trasladaremos as súas dúbidas aos técnicos municipais.

Sra. voceira: entón vostede estame dicindo que non se necesitan adoptar medidas de seguridade para a obra, polo que estou vendo; nin que se necesita un acordo plenario para iniciar esta obra...

Sra. alcaldesa: para poñer uns aparatos biosaudables non se necesita da súa aprobación.

Sra. voceira: tampouco seguridade de obra

Sra. alcaldesa: seguridade de obra....; mire, lles molesta a vostedes que fagamos cousas, ese é o problema...

Sra. voceira: para nada, ao contrario...

Sra. alcaldesa: que lles molesta a vostedes que se estean facendo cousas, incluso demandas dos propios veciños, e ao final é intentar encontrarlle unha pega a todo; ben, pois nada, sigan vostedes nesa teima, non hai ningún problema...

Sra. voceira: todo o contrario, cantas mais cousas se fagan moito mellor para todos e para todas, simplemente que cando se fagan, que se fagan cunhas condicións de seguridade que se cumpran esas normativas en canto a espazos públicos.

Tamén me gustaría dicirlles que se deixaran de usar as redes sociais, que creo que estamos pagando actualmente todos, con fins partidistas; e que non se cualifiquen a membros que están na oposición, tanto de ignorantes, malintencionados, ou de ter actitudes infantís, porque creo que iso simplemente demostra que estamos ante un goberno que é antisocial e que denota que cando se utilizan eses termos cara Partidos Políticos que nalgunhas ocasións están dirixidos por mulleres, teñen incluso trazos misóxinos.

Sra. alcaldesa: mire, xa non señora concelleira, xa non; mire non, non.....; a ver, unha cousa xa é que vostede parece que nos está tomando o pelo, pero por aquí xa non pasamos....

Sra. voceira: non estou tomando o pelo, esas alusións fixéronas vostedes, eu non as fixen....

Sra. alcaldesa: pois non se crea que é pola súa condición de muller, nin moito menos, ao contrario; pois bóttelle a culpa se quere ao seu compañeiro, non estou personalizando, que se me entenda. Non é pola súa condición de muller, só faltaría tendo unha alcaldesa, só faltaría. Iso si, o que non lle vou consentir, e temos clarísimamente...., é algo moi moi claro, cando se utilizan as redes sociais cunha cuestión partidista onde temos cada un os nosos perfís dos Partidos Políticos e cando é unha cuestión institucional, pero se vostedes entendemos que están dando unha información falsa, seguiremos informando á xente de que é unha información falsa; cuestión diferente será diferentes criterios que poidamos ter.

E non se preocupe, qué eu seu distinguir moi ben cando é o Partido Socialista quen opina ou cando é a Institución quen o está facendo, cousa moi diferente do que pode pasar por aí adiante.

Sra. voceira: se unha rede social non se utilizara con fins partidistas, subiríanse a esa rede as dúas noticias, o que opina un Partido político e o que opina outro Partido político.

Sra. alcaldesa: non é o que está opinando o Partido político, repítolle

Sra. voceira: o que non se pode facer é utilizar as redes como eu considero que estamos facendo, moi mal....

3. *¿Cuál es el porcentaje de presupuesto invertido del ejercicio 2016?*

Sra. alcaldesa: se como inversión se refire a gasto mais inversión, está aproximadamente nun noventa por cento en adjudicación, houbo baixas nas licitacións que houbo a finais de exercicio, e esas baixas xa quedan nos remanentes; é un moi bo grado de execución de Orzamento.

4. *¿Qué medidas se están tomando por parte del ayuntamiento para la eliminación de la contaminación en nuestras playas? ¿Cuándo van a convocar la comisión de vertidos que ya solicitamos por registro de manera reiterada?*

Sra. alcaldesa: o principal, e no que nós realmente temos competencias é no saneamento, nos lugares onde teñen rede, onde hai acceso; polo tanto, seguir a facer a campaña para informar da obriga de conexión aos veciños e ás empresas que aínda non fixeran a solicitude, e polo demais, pois mire, nin somos responsables nin competentes do saneamento noutros concellos, e polo de agora as mareas tampouco as controlamos, e iso tamén o temos que ter en conta.

Sra. voceira: foron publicadas hai pouco as analíticas das praias de Bergondo, onde precisamente O Regueiro xa non aparece, porqué durante cinco anos consecutivos os resultados non foron os que tiñan que ser, e simplemente preguntarlle se vostedes saben que por non tomar ningunha medida na praia de Gandarío, mais de tres mil nenos que son os que máis ou menos vai haber tanto neste albergue como no outro, poderíanse quedar sen campamento en Bergondo, que son nenos e nenas de toda España.

E simplemente iso, preguntarlle que medidas tomaron, cales....

Sra. alcaldesa: está vostede segura de que é responsabilidade nosa? ou ao mellor realmente quen ten a obriga de saneamento é a Xunta de Galicia, e ao mellor é quen o está facendo mal. Ou ao mellor a obriga noutras praias, noutras praias e noutros sitios, noutros lugares da ría.

Sra. voceira: a responsabilidade de tomar medidas para modificar esas analíticas....

Sra. alcaldesa: a responsabilidade do saneamento é da Xunta de Galicia

Sra. voceira: a responsabilidade de tomar medidas é vosa....

Sra. alcaldesa: depende, na competencia que lle acaba de dicir.

Sra. voceira: a responsabilidade de tomar medidas e vosa, senón porqué O Regueiro xa non aparece no listado que foi publicado? É máis, se seguemos na mesma situación todos os que estamos aquí sabemos que dentro de catro anos, Gandarío tampouco aparecerá.

Sra. alcaldesa: faremos o posible para que non sexa así, non se preocupe.

Sra. voceira: si, pero de momento aínda están pensando o tema do tubo que está na marxe esquerdo.

Sr. concelleiro de Obras Públicas, F. Javier Santos Maseda: dille aos teus compañeiros da Xunta que dean permiso, que non dan permiso, que levan un mes co permiso e non se enteraron aínda de nada....

Sra. voceira: pois non sei....

Sra. alcaldesa: continuamos cos rogos e preguntas.

Sra. voceira: llo trasladarei, de todas formas eses resultados son para todo o 2017, como vostedes tamén saben.

9. *¿Cuándo se va a proceder a retirar y gestionar los residuos situados en la parcela de uso deportivo del polígono industrial de Bergondo?*

Sra. alcaldesa: a ver, a limpeza da parcela foi contratada en novembro, que foi notificada o día 22, supoño que vostedes tiveron ocasión de comprobalo, é certo que esa previsión de limpeza era dun mes, apareceron despois restos cos que non se contaban e que tiñan un tratamento diferente e por iso cando Medio Ambiente nos recorreu solicitamos máis tempo para rematar. Ao día de hoxe está practicamente lista, e de feito nos terán que remitir o certificado que así o demostra, e senón o que teñen que ver e pasar, onte era un bo día para pasar, porqué efectivamente como vostedes anunciaron en prensa notificóusenos a continuación dese expediente sancionador, do que vostedes tamén deron boa conta.

Pero, xa digo, creo que antes de pasar a nota o que terían é que ter ido vostedes pola parcela notarían que practicamente non lle queda nada e non pasarían a vergoña de enviar unha foto que non era de Bergondo, senón que era dun vehículo que estaba en Betanzos, cuestión que persoalmente comprobei na páxina web do Partido Popular da Provincia, creo que é, e que estaba no día de hoxe, vexo que unha foto válelles *tanto para un roto como para un descosido*, dá o mesmo que estea en Betanzos como que estea en Bergondo; a parcela, que é o importante, vai quedar limpa estes días, porqué xa digo, se vostedes o comprobán está practicamente lista.

Sra. voceira: se ben é certo que efectivamente ten vostede razón, o periodista confundíuse....

Sra. alcaldesa: o periodista?

Sra. voceira: o periodista do Partido Popular, si...

Sra. alcaldesa: ah; vale, perdón; o periodista do Partido Popular.

Sra. voceira: utilizou unha foto que non é falsa, é unha foto real, pero é doutro vertedoiro, que ten razón que se encontra no Concello de Betanzos, onde tamén goberna o PSOE, si que teñen razón hasta aí pero iso non desvirtúa a noticia, o que aparece dentro da noticia é totalmente certo.

Sra. alcaldesa: o acabo de dicir, que se iniciou o expediente sancionador.

Sra. voceira: tampouco se pode facer ese tipo de comunicacións que fan para desvirtuar a noticia e que perda o interese...

Sra. alcaldesa: non, non, home....

Sra. voceira: fotos actuais temos de sobra....

Sra. alcaldesa: teñen de sobra, pero onte non caeron en quitar unha foto de onte para poder mandarlles entón ao seu periodista, e o seu periodista que o que quería era realmente facer unha chamada de atención sobre esa parcela, e necesitaba un material gráfico, decidiu pois ao mellor tirar do fondo gráfico que ao mellor tiña, é dicir...

Sra. voceira: non...

Sra. alcaldesa: pois iso precisamente é unha falta tremenda de...

Sra. voceira: neste caso asegúrolle que foi unha acción que foi totalmente sen querer e que en ningún momento a fixo de maneira intencionada, penso que o que non se pode facer é desvirtuar a noticia para levala ao tema da foto, que é o que realmente interesa nos medios de comunicación, porque se eu lle pregunto se hai unha parcela pública en Bergondo que leva anos incumprindo a normativa de Medio Ambiente, a resposta é que si; que se reclamou repetidamente no Pleno a limpeza desta parcela? si, que utiliza o concello esta parcela para depositar podas, restos de obras, etcétera? si; ten o concello crédito para a limpeza desta finca dende o ano 2015? si; tomáronse medidas para imposibilitar o acceso a esta parcela? non....

Sra. alcaldesa: si,

Sra. voceira: púxose unha cadea, pero pódese pasar igualmente, iso non fai que as persoas que poidan depositar alí residuos deixen de facelo cunha simple cadea.

Sra. alcaldesa: non, imos poñerlle todo un peche perimetral, vamos....

Sra. voceira: non, pero considero que si se deberían tomar outro tipo de medidas, iniciouse un expediente sancionador pola situación desta parcela? si; admite xustificación que o goberno local despois de anos coa finca nesta situación espere a apertura dun expediente para actuar? pois ao noso entender non...

Sra. alcaldesa: non, iso non é certo, iniciouse xa antes de que vostedes iniciaran calquera tipo de denuncia.

Sra. voceira: levamos desde agosto de 2015 con iso aprobado e non pasou nada.

Sra. alcaldesa: me reitero

10. *¿En que estado se encuentra la RPT?*

Sra. alcaldesa: pois esperamos ter non vindeiros días un documento para negociar.

Sra. voceira: terminaba este mes o contrato, debería vir xa a pleno, pois polo menos haber tido mais noticias das que temos ata agora.

Sra. alcaldesa: antes de vir a pleno terá que pasar pola Mesa de Negociación, como poderá vostede supoñer.

Sra. voceira: si, por suposto, pero debería ir cun pouco mais de axilidade cando o contrato xa está rematando.

11. *¿Porque no aparece reflejada tanto en la web como en los folletos enviados a las casas la metodología de los cursos formativos?*

Sra. alcaldesa: porqué no díptico se informa dos cursos e se recolle de xeito resumido a principal información sobre eles; a denominación, as horas, a data estimada, e tamén se da conta dun teléfono e da páxina web para obter mais información; durante esta semana se informou presencialmente, por teléfono e por correo electrónico, todas as consultas relacionadas cos propios cursos, recibíndose mais de cincocentas solicitudes que foron pertinentemente informadas, os criterios de selección están aprobados nunha resolución de Alcaldía, tanto isto como o temario ou outros datos realmente non se incorporan porqué estamos falando dun díptico, entón por unha cuestión de espazo ao final pois temos que resumir.

Sra. voceira: que se dean estes datos por teléfono ou correo non os fan accesibles para poboación que si que queren coñecerlos, tanto iso como prazos....

Sra. alcaldesa: mire, deberon vostedes encontrarse coas dúas persoas que ao mellor non estaban de acordo ou non lles gustaba o formato de cursos do Concello de Bergondo, porqué habitualmente e, xa digo, co volume de peticións que temos é unha cuestión que funciona ben, entón xa digo, unha vez mais dáme a sensación de que a

vostedes lles molesta que algunhas cuestións teñan éxito, porque incluso fomos felicitados por xente que se inscribe esperando ter a posibilidade, doutros concellos, se hai sitio para poder facer os cursos porque non é algo que habitualmente se faga noutros concellos de maior capacidade que o noso.

Sra. voceira: todo o contrario, nós o que queremos é que se fagan cousas e que se fagan mellor, por iso só estamos achegando a nosa opinión do que consideramos que se debe facer, simplemente para que en futuras ocasións acheguen outro tipo de datos, como poden ser prazos, titulacións, obxectivos, ou as idades, para que a xente mais facilidades para saber o funcionamento.

Sra. alcaldesa: nin somos unha academia nin damos tampouco títulos de FP nin nada polo estilo....

Sra. voceira: pero hai cousas que si comportan un título, dentro desa formación.

Sra. alcaldesa: polo tanto, cada un tamén ao que é seu, e xa lle digo, non é a idea modificar na próxima convocatoria e engadir toda esa información. Teríamos que presentar e enviar ás casas case unha enciclopedia.

12. *¿Hay algún avance en la realización del inventario de bienes?*

Sra. alcaldesa: estase traballando, tiveron xa varias reunións, de feito a próxima semana aínda se seguen tendo reunións, pero aínda non temos un documento borrador no que traballar, aínda hai moito traballo de campo.

Sra. voceira: vale, paréceme ben que teñan traballo de campo, porque ata a actualidade tampouco se está vendo demasiado.

Gustárame tamén preguntarlle, hai uns días deixaron no meu buzón esta documentación (a señora voceira amosa un lote de folios) non sei se alguén dos que se senta aquí a coñece, pero esta documentación viña adxunta cuns datos que obviamente non vou traer ao Concello de Bergondo, porque creo que non os debo de traer, pero esta documentación penso que é legal e que ninguén dos concelleiros que estamos na oposición coñecemos, ou polo menos eu non os coñecía ata que o recibín. Aquí pon que isto é un inventario de bens e dereitos do Concello de Bergondo, se ben isto é certo, o que traio aquí, o borrador, non entendo porque saíu antes do concello, nin entendo porque o tiñan outras persoas.

Sra. alcaldesa: non existe un documento aínda....

Sra. voceira: claro, soamente estou dicindo que me deixaron isto no buzón...

Sra. alcaldesa: pero vostede saberá quen llo deixou.

Sra. voceira: non, apareceu isto, non sei...., aquí pon o inventario xeral de bens e dereitos do Concello de Bergondo, non sei nin quen mo deixou, nin sei si isto é o que vai ser o futuro inventario; eu simplemente o digo por se xa o teñen ou alguén....

Sra. alcaldesa: non, existe o propio Inventario que ao día de hoxe temos, o Inventario vello e o Inventario que se foi facendo no seu día, e que de feito habitualmente se trae a pleno.

Sra. voceira: entón entendo que isto non é inventario actual....

Sra. alcaldesa: é que non sei que é iso, señora concelleira....

Sra. voceira: pois despois, cando remate o pleno, ensínollo

Sra. alcaldesa: nin sei quen llo deixou; de feito ao día de hoxe, o concelleiro primeiro tenente de alcalde, que está tendo as reunións coa empresa adxudicataria do Inventario, nun temos ningún documento aínda no que se estea traballando; se lle foi pasando moita información á empresa, a información das fichas catastrais, e demais, moita información que nos solicitaron, e iso foi o que se foi mandando, moita información da que xa dispón o concello, pero vamos...., aínda non hai ningún documento.

O grupo municipal de Veciños de Bergondo presentou os seus Rogos e Preguntas no Rexistro Xeral, número 1590 do día de hoxe; toma a palabra a señora concelleira do dito grupo, Alicia M.^a Souto Ramos.

Sra. concelleira: a ver se temos un pouquiño de paz e nós tranquilizamos un pouco.

Sra. alcaldesa: eu tranquila estou....

Sra. concelleira: подо?

Sra. alcaldesa: simplemente por unha cuestión formal, e tamén para qué conste en acta, as preguntas foron presentadas no día de hoxe, e polo tanto non daremos resposta hoxe no pleno, se quere dar vostede lectura.

Sra. concelleira: entón deixámolas..., xa non as lemos ou qué?.....

Sra. alcaldesa: iso xa como queiran vostedes, en acta poden constar, pero xa digo, por unha cuestión formal, ademais incluso se outros concelleiros se molestan en presentar coas vinte e catro horas de antelación mínimas, pois loxicamente tamén por unha cuestión de coherencia temos que darlle resposta. Se vostede as quere ler...

Sra. concelleira: quedan para o outro pleno.

Sra. alcaldesa: ademais hai algunha que entendo que é repetida e polo que lin por riba se podería dar contestación, pero hai outras que necesitan de documentación que hai que mirar.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as vinte e dúas horas e cinco minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da presidenta e da secretaria, que dá fe.

A secretaria

Ana M.^a Cacharrón Castelos

V. e Pr.

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez